



C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ANEXO

Bases de selección do persoal integrante da brigada de prevención e defensa contra incendios forestais no exercicio 2026

O Concello de Abegondo debe tomar medidas para a prevención e a defensa contra os incendios forestais, polo que, con data do 24/04/2025 asinou o **Convenio interadministrativo de colaboración coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia**, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC). Este convenio recolle accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais, nas que se inclúe a actuación de brigadas de vixilancia e defensa (brigadas de extinción) e de prevención (brigadas de prevención) para o ano 2026.

No caso concreto do Concello de Abegondo, o antedito convenio de colaboración asinou co fin de levar a cabo as actuacións preventivas consistentes tanto na realización de traballos preventivos de xeito mecanizado como na execución de traballos manuais a cargo dunha **brigada para o desenvolvemento de labores de prevención e defensa contra os incendios forestais composta por 5 membros (1 xefe/a de brigada, 1 peón/peoa condutor/a e 3 peóns/peoas de brigada)**.

Polo que respecta á **composición e dotación das brigadas**, tal e como se establece na **cláusula oitava** do convenio asinado:

1. Cada brigada que se forme estará composta por:

a) Unha persoa coa categoría de xefe/a de brigada. Estará en posesión dalgunha das titulacións seguintes: enxeñaría de montes, enxeñaría técnica forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B.

b) Tres ou catro persoas coa categoría de peón de brigada, segundo se constituía unha brigada 5 ou 4 compoñentes. Polo menos unha delas deberá contar co permiso de conducir tipo B.

2. As persoas que compoñen a brigada realizarán os labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres (3) meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

3. A entidade local dotará a cada brigada dun vehículo todoterreo durante todo o período de operatividade.

4. Nas labores de vixilancia e defensa de incendios, o/a xefe/a de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ao que pertenza a entidade local, de acordo co procedemento operativo establecido no Plan de Extinción do PLADIGA en vigor.

O **período de operatividade** das brigadas, tal e como se establece no apartado 1. da **cláusula novena** do convenio, será:

- para as labores de vixilancia e defensa: tres (3) meses ininterrompidos desde o seu inicio.





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Para as labores de prevención de xeito manual: dende a comunicación do inicio dos traballos ata o fin do período de 3 meses ininterrompidos, indicado no punto anterior.

“

O Concello de Abegondo elaborará, conforme o indicado na **cláusula cuarta** do convenio, o “ Programa de actuacións preventivas (PAP) “ que “reflicte a planificación detallada dos traballos de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e dos labores de prevención de xeito manual “.

Ademais, terá en conta o indicado na **cláusula sétima** do convenio sobre a “integración das brigadas municipais no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais (SPIF) “ e asume, no tocante á acción de actuación de brigadas, os demais compromisos sinalados na antedita cláusula sétimas e nas cláusulas oitava e décimo primeira do convenio asinado.

Xustifícase a necesidade de cubrir as **prazas** a través de contratación laboral temporal por ser insuficiente o cadro de persoal municipal para desenvolver as funcións e tarefas obxecto da contratación e o desenvolvemento do devandito convenio, que leva aparelhada a convocatoria das seguintes prazas:

▢ **Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2026:**

Prazas:

- 1 xefe/a de brigada
- 1 péon/peoa condutor/a
- 3 peóns/peoas de brigada

Para este proceso selectivo serán de aplicación as seguintes Bases:

1. Tendo en conta a natureza do Convenio interadministrativo de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2025-2026, que recolle accións combinadas de prevención e defensa contra incendios forestais, nas que se inclúe a actuación de brigadas de vixilancia e defensa (brigadas de extinción) e de prevención (brigadas de prevención) para o ano 2026.,os principios de **publicidade e concorrência** teranse por cumpridos mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Tamén se publicará simultaneamente no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (<https://sede.abegondo.gal>) .

2. Procedemento de selección: concurso-oposición, xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

3. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes **requisitos xerais** conforme ó artigo 56 do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por lei 7/2007 de 12 de abril (BOE número 89 do 13 de abril de 2007):

- a. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo seguinte.
- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica, incompatible co desempeño das correspondentes funcións da categoría a que se opte. Isto acreditarase inicialmente cun certificado ou informe médico de aptitude ou simplemente presentando unha declaración xurada, sen prexuízo de que, dentro do proceso selectivo ou unha vez que se realice a selección, as persoas candidatas propostas deban realizar un **recoñecemento médico e unha proba física de esforzo**, que deberán superar, como condición indispensable para a súa contratación.
- c. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- d. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e. Posuír a titulación esixida.

As administracións públicas, no ámbito das súas competencias, deberán prever a selección dos empregados públicos debidamente capacitados para cubrir os postos de traballo nas Comunidades Autónomas que gocen de dúas linguas oficiais. Para o caso do acceso ó emprego público de nacionais doutros estados, estarase ao disposto no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público. no artigo 57 do Estatuto Básico do empregado público.

4. En caso de presentarse varias persoas candidatas para o posto, será proposta polo tribunal e posteriormente contratadas, as persoas candidatas que obteñan unha maior puntuación no concurso-oposición, de acordo cos méritos específicos descritos a continuación para os postos de traballo. Para estes efectos, requiriráselles aos/as candidatos/as a acreditación dos requisitos necesarios ou dos méritos previstos para a súa praza, por medio da documentación orixinal ou fotocopia compulsada.

5. A acreditación da titulación académica, realizarase mediante a presentación de orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificación de ter realizados todos os estudos necesarios para a súa obtención. Serán válidas as titulacións expedidas pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

6. A realización de cursos, acreditarase mediante a presentación orixinal ou fotocopia compulsada dos títulos ou certificados, nos que conste o número de horas de duración. Para a súa valoración deberán ter sido impartidos pola Administración ou por centros legalmente autorizados e recoñecidos ou debidamente homologados.

7. A acreditación do tempo traballado, realizarase mediante certificado de empresa acreditativo ou fotocopia compulsada dos contratos de traballo e a través de certificado ou informe de vida laboral da Seguridade Social actualizado ou no seu caso do colexio profesional que corresponda.

8. As instancias presentaranse coa documentación acreditativa dos requisitos mínimos necesarios para a admisión, segundo o previsto para as diferentes prazas no apartado A) destas bases e achegarse a documentación acreditativa dos méritos alegados na instancia para a súa valoración.

Deberán presentarse prioritariamente no rexistro municipal en horario de 9.00 h. a 14.00 h., no prazo de **5 días naturais** que se contarán dende o día seguinte a aquel no que se publique o anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen prexuízo de que tamén se publicará simultaneamente o anuncio na taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (na web <https://sede.abegondo.gal>, acceder ao apartado específico "Taboleiro de anuncios" (<https://sede.abegondo.gal/sxc/gl/informacion/tablon/index.html>)). Serán válidas as solicitudes realizadas nas formas previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (BOE núm. 236 do venres 2 de outubro de 2015). Para o caso de que non se presenten directamente as solicitudes no rexistro municipal, deberá deixarse constancia de ter realizado a solicitude, enviando un correo electrónico ao enderezo: adl@abegondo.gal na data en que se presenta a solicitude.

Soamente será necesario presentar copia simple da documentación relativa tanto aos requisitos mínimos necesarios para a admisión das persoas candidatas, como a correspondente aos méritos alegados, sen prexuízo de que o tribunal, en calquera momento do proceso selectivo, solicite a documentación orixinal ou compulsada se o





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

considera oportuno. En todo caso, ao final do proceso e antes da contratación de cada candidato/a comprobarase fidedignamente a veracidade dos requisitos e méritos presentados, mediante a presentación da documentación orixinal ou de copia compulsada dela.

9. O tribunal admitirá a todas aquelas persoas candidatas que presenten os requisitos mínimos e en calquera momento, antes da realización da/s proba/s ou exercicio/s práctico/s poderá habilitar un período para a emenda se o considera oportuno. En todo caso, unha vez rematado o prazo de presentación de instancias non se poderá emendar a documentación relativa aos méritos.

O tribunal publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Abegondo (sede.abegondo.gal) a relación definitiva de candidatos/as admitidos/as e excluídos/as e sinalará o **lugar, día e hora** no que terá lugar **a/s proba/s ou exercicio/s práctico/s**, que terán carácter eliminatorio.

10. A valoración dos méritos achegados polas persoas candidatas realizarase con posterioridade á realización da/s proba/s ou exercicio/s práctico/s.

Unha vez realizadas as probas prácticas eliminatorias valoraranse os méritos de todos/as os/as candidatos/as que a superen. Do mesmo xeito que o sinalado no parágrafo anterior **publicarase tanto o resultado das probas prácticas como a puntuación relativa aos méritos acadados polos/as candidatos/as que superen a/s proba/s ou exercicio/s práctico/s**.

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego que se esixa (xeralmente Celga 2 ou equivalente ou Celga 3 ou equivalente no caso do/a xefe/a de brigada), os/as candidatos/as non serán excluídos/as por esta causa. O tribunal comprobará mediante a realización dunha proba ou exame oral, e que se realizará no mesmo acto, o coñecemento da lingua galega. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de ser cualificado/a como non apto/a o/a candidato/a quedará automaticamente excluído/a.

En todo caso, por razóns de urxencia e ante a necesidade de poñer en marcha dun xeito inmediato o servizo de vixilancia e prevención de incendios forestais, poderanse concentrar nun solo acto as diferentes probas selectivas.

11. Proba/s ou exercicio/s práctico/s.

Por tratarse de prazas comprendidas no grupo de clasificación profesional B, C, ou correspondentes a persoal de oficios, este/s exercicio/s práctico/s eliminatorio/s consistirá/n nunha ou varias proba/s práctica/s relacionada/s coas funcións obxecto de cada unha das prazas a cubrir. Posibilitarán valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver.

Así, no caso concreto da praza de **peón/peoa condutor/a**, será necesario realizar, ademais da proba común para todas as prazas convocadas, unha proba específica sobre o manexo do vehículo ou medio de transporte a utilizar no desenvolvemento dos traballos. No que respecta á praza de **xefe/a de brigada**, dado que se necesitan coñecementos específicos, a maiores da proba común, realizarase un test de avaliación.

Para a realización de cada proba ou exercicio práctico disporase dun período máximo dunha hora. **Cualificarase de non apto a quen non obteña a puntuación mínima que se estableza para cada proba.**

12. Recoñecementos médicos e probas físicas de esforzo

En consonancia co establecido na cláusula sexta do convenio asinado coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que regula os "Requisitos do persoal vinculado ás actuacións do convenio como integrante das brigadas..." e tal e como se indicaba no apartado 3., é imprescindible que os/as candidatos/as cuxa contratación se propón realicen "un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

a realización do traballo. “.

Tanto os recoñecementos médicos como as probas de esforzo realizaranse con posterioridade a/s proba/s ou exercicio/s práctico/s e á publicación da/s acta/s que recolla/n os seus resultados e dos méritos acadados polas persoas candidatas que os superaron, así como a relación de persoas propostas para a súa contratación laboral temporal e as súas suplentes por orde de puntuación.

As persoas candidatas propostas para cada unha das prazas convocadas deberán superar os recoñecementos médidos e as probas de esforzo obrigatorias. O resultado dos mesmos deberá reflectir a condición de apta de cada unha das persoas candidatas propostas, como condición indispensable para a súa contratación.

Tanto as probas médicas como as probas de esforzo realizaranse por parte de entidades acreditadas e homologadas, que ofrezan todas as garantías. Terase en conta en todo momento a recomendación técnica sobre os procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais que se recolle na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico. No documento descríbense os procedementos para os bloques de saúde e de condición física.

13. Os tribunais terán a seguinte composición, de acordo co artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e normativa concordante.

Para as prazas de peón/peoa condutor/a (1) e peóns/peoas de brigada (3)

Presidente.

Titular: Alberto Manteiga Díaz
Suplente: José Manuel Rodríguez Costa

Vogal 1.

Titular: Francisco Javier Cabanas Lozano
Suplente: Iván Sánchez Gómez

Vogal 2.

Titular: M^a Jesús González Ulloa
Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Secretario.

Titular: José Antonio Varela Doval
Suplente: Adrián J. Márquez Caramés

Para a praza de xefe/a de brigada (1)

Presidente.

Titular: José Manuel Rodríguez Costa
Suplente: M^a Beatriz Fernández Vázquez

Vogal 1

Titular: M^a del Mar Carro López
Suplente: Alejandra Ulloa Calvo

Vogal 2:





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Titular: M^a Carmen Iglesias Iglesias
Suplente: M^a Teresa Rodríguez Villaverde

Secretario.

Titular: José Antonio Varela Doval
Suplente: Adrián J. Márquez Caramés

Poderanse nomear asesores especializados segundo o obxecto das bases, que emitirán o corresponde informe, no caso de que se considere necesario para a correcta valoración dos méritos.

14. Contratacións. Non se realizarán as contratacións laborais temporais das persoas seleccionadas ata que o/a candidato/a proposto/a polo tribunal, presente, no prazo de 2 días naturais dende a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (sede.abegondo.gal) da acta definitiva do tribunal, a seguinte documentación:

- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Declaración responsable de non estar incurso en situación de incompatibilidade segundo a Lei estatal 53/84, do 26 de decembro de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas e o R.D 598/85 que a desenvolve.
- Documentación orixinal ou copia compulsada dos requisitos mínimos e méritos achegados coa instancia (no caso de non tela presentada).

Para o caso de **baixa ou renuncia da persoa proposta ou xa contratada**, o Concello poderá substituíla pola seguinte persoa candidata da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do tribunal, tendo en conta que o prazo máximo da contratación ou de desenvolvemento do posto de traballo como funcionario/a interino será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ó abeiro do convenio asinado. En todo caso, de acordo co indicado no punto 12. será imprescindible acreditar ter superado os recoñecementos médicos e as probas de esforzo obrigatorios.

15. En todo o que non se recolla nas presentes bases, será de aplicación a normativa vixente en materia de selección de persoal ao servizo das Administracións Públicas e en concreto a normativa de selección de persoal da Administración Local. Asemade, aplicarase, na medida que non contradiga a normativa anterior, as bases xerais aprobadas polo Concello de Abegondo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 275, do luns, 30 de novembro de 1998.

16. Composición da brigada e prazas convocadas

A brigada estará composta por: 1 persoa coa categoría de xefe/a de brigada (ademais da titulación esixida, estará en posesión do permiso de conducir tipo B), 1 persoa coa categoría de peón/peoa condutor/a co permiso de conducir tipo B e 3 persoas coa categoría de peón/peoa de brigada.

A) PRAZAS CONVOCADAS





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

a) Prazas e titulación mínima:

- **1 xefe/a de brigada:** enxeñeiro/a de montes, enxeñeiro/a técnico/a forestal, técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente. Ademais estará en posesión do permiso de conducir do tipo B.
- **1 peón/peoa condutor/a:** Non se precisa titulación, polo que será suficiente con que presente o certificado de escolaridade ou o certificado de estudos primarios que poderá substituírse en última instancia por unha declaración xurada na que o candidato/a indicará que estivo escolarizado/a. Ademais terá que acreditar que posúe o permiso de conducir tipo B.
- **3 peóns/peoas de brigada:** Non se precisa titulación, polo que será suficiente con que presente o certificado de escolaridade ou o certificado de estudos primarios, que poderá substituírse en última instancia por unha declaración xurada na que o candidato/a indicará que estivo escolarizado/a.

b) Titulación mínima común para acreditar o coñecemento do idioma galego: Celga 2 ou equivalente, agás no caso do/a xefe/a de brigada que deberá acreditar que dispón de Celga 3 ou equivalente.

c) Duración do contrato: do 01/08/2026 ao 31/10/2026 (datas estimativas para un contrato de 3 meses de duración), cunha xornada a tempo completo de luns a domingo no horario que se determine conforme ás indicacións do Distrito Forestal que será, conforme o convenio de colaboración asinado, o departamento encargado de coordinar os servizos que presten as brigadas municipais adscritas ao convenio.

No caso de que non fose posible iniciar a contratación na citada data, o contrato realizarase tan pronto sexa posible nos días seguintes.

d) Retribucións ⁽²⁾ :

- Xefe/a de brigada (1): 2.040,00 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras ⁽¹⁾
- Peón condutor/a (1): 1.510,00 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras ⁽¹⁾
- Peóns de brigada (3): 1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras ⁽¹⁾

⁽¹⁾ Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización. O salario é o correspondente a unha xornada a tempo completo (100% da xornada).

e) Características do contrato:

Xefe/a de brigada (1)

- Características da contratación ⁽¹⁾ : realizarase un contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos.
- Grupo de cotización: 2
- CNAE: 8411
- Coeficiente:1,000
- Tipo de xornada: tempo completo (406) ⁽¹⁾, cun total de 40 horas semanais, de luns a domingo nas quendas e horario que se determine conforme ás indicacións do Distrito Forestal.
- Epígrafe: 51
- CNO (clasificación nacional de ocupacións: 3143 - técnicos forestais e do medio natural
- Duración do contrato: Do 01/08/2026 ao 31/10/2026 (datas estimativas para un contrato de 3 meses de duración)
- Retribucións brutas mensuais ⁽²⁾: 2.040,00 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras





C O N C E L L O
DE
A B E G O N D O
(A C O R U Ñ A)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

(1) Contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, neste caso vinculado concretamente ao convenio asinado o día 24/04/2025 coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) e dentro da subintervención 68812_08 Colaboración con entidades locais do PEPAC 2023-2027.

Peón/peoa condutor/a (1)

- Características da contratación ⁽¹⁾ : realizarase un contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos..
- Grupo de cotización: 9
- Ocupación: letra d)
- Coeficiente:1,000
- Tipo de xornada: tempo completo (406) ⁽¹⁾, cun total de 40 horas semanais, de luns a domingo no horario que se determine conforme ás indicacións do Distrito Forestal
- Epígrafe: 51
- CNO (clasificación nacional de ocupacións: 8412 - condutores asalariados de automóviles, taxis e furgonetas
- Duración do contrato: Do 01/08/2026 ao 31/10/2026 (datas estimativas para un contrato de 3 meses de duración)
- Retribucións brutas mensuais ⁽²⁾: 1.510,00 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

(1) Contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, neste caso vinculado concretamente ao convenio asinado o día 24/04/2025 coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) e dentro da subintervención 68812_08 Colaboración con entidades locais do PEPAC 2023-2027.

Peóns/peoas de brigada (3)

- Características da contratación ⁽¹⁾: realizarase un contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos. .
- Grupo de cotización: 10
- Ocupación: letra d)
- Coeficiente:1,000
- Tipo de xornada: tempo completo (406) ⁽¹⁾, cun total de 40 horas semanais, de luns a domingo no horario que se determine conforme ás indicacións do Distrito Forestal
- Epígrafe: 51
- CNO (clasificación nacional de ocupacións): 9543 - peóns forestais e da caza.
- Duración do contrato: Do 01/08/2026 ao 31/10/2026 (datas estimativas para un contrato de 3 meses de duración).
- Retribucións brutas mensuais ⁽²⁾ 1.424,50 euros brutos/ mes incluído o prorrateo das paga extras

(1) Contrato laboral temporal baixo a modalidade de contrato de duración determinada vinculado a programas financiados con fondos europeos, neste caso vinculado concretamente ao convenio asinado o día 24/04/2025 coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) e dentro da subintervención 68812_08 Colaboración con entidades locais do PEPAC 2023-2027.





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

B) PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN: concurso-oposición conforme ao apartado E), xustificado nas características específicas e singulares dos postos de traballo.

C) FUNCÍONS E TAREFAS OBXECTO DA CONTRATACIÓN:

Conforme ao disposto no apartado 2. da cláusula oitava do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e o Concello de Abegondo, respecto á **composición da brigada de prevención e defensa** “ As persoas que compoñen a brigada realizarán os labores de prevención de incendios forestais, sempre que non sexan requiridas para a defensa destes, durante cada un dos tres (3) meses de operatividade de cada unha delas, con plena dispoñibilidade, incluíndo domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.” No apartado 4 establécese que “ Nas labores de vixilancia e defensa de incendios, o/a xefe/a de brigada exercerá como responsable da coordinación do funcionamento da brigada nas relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ao que pertenza a entidade local, de acordo co procedemento operativo establecido no Plan de Extinción do PLADIGA en vigor.”

Conforme o indicado na **cláusula sétima** do devandito convenio de colaboración en relacións á **integración das brigadas municipais no dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais (SPIF)**:

“ 2. A integración no dispositivo do Servizo de Prevención de Incendios Forestais (en diante, SPIF) realizarase baixo o mando único descrito no Pladiga. A entidade local adherirase ao procedemento operativo do Pladiga como plan director. Os traballos de extinción serán marcados sempre por persoal do SPIF ao responsable da brigada.”

4. A entidade local garantirá a colaboración e a coordinación co despregamento de medios, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinadora do funcionamento da brigada, para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal. A persoa responsable da brigada será a interlocutora coa que se relacionará unicamente o persoal do SPIF e será a quen lle corresponda impartir directamente as ordes e as instrucións de traballo ao resto da brigada municipal.”

A **cláusula cuarta** do devandito convenio de colaboración refírese ao **Programa de actuacións preventivas (PAP)** indicando o seguinte:

“ O Programa de actuacións preventivas (PAP) é un documento esencial para obter a axuda para estas actuacións, nel a entidade local reflicte a planificación detallada dos traballos de tratamentos preventivos de xeito mecanizado e dos labores de prevención de xeito manual. Presentarase no prazo máximo de un mes desde a sinatura do convenio co contido mínimo recollido no anexo I. Precisamente o Anexo I sinala que “ O plan de actuación deberá ter o seguinte contido mínimo:

1. Ámbito de actuación das actuacións preventivas.

Realizaranse os traballos de prevención de incendios, dentro do ámbito municipal da entidade local, en:

- Vías e camiños forestais, áreas de devasas ou nas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal.
- Superficies sobre as que a entidade local teña a cesión de aproveitamento, uso e/ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- Superficies de persoa propietaria descoñecida, previa a acreditación da dita condición.
- Zonas de servidume de camiños e valgadas dentro das zonas de xestión de biomasa.
- Parcelas incluídas na rede de faixas secundarias de xestión de biomasa do concello (en caso de investigación do estado de xestión da biomasa de parcelas).

2. Tipos de traballo obxecto de axuda





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

• Brigadas de prevención:

- Actuacións preventivas manuais como rozas, rareos e eliminación posterior de restos, cos importes máximos de axuda por hectárea establecidos no punto 1.4. Estes traballos poderanse realizar en zonas mecanizables sempre que existan circunstancias que tecnicamente o aconsellen (superficies reducidas, existencia de obstáculos físicos, e similares).
- Traballos de investigación do estado das parcelas da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa forestal e redacción do informe de xestión de biomasa consonte co establecido na normativa autonómica de prevención de incendios forestais....

• Tratamentos preventivos: consistirán en actuacións mecanizadas mediante rozas co obxecto de diminuír a carga de combustible. No caso de roza de faixas auxiliares en marxes de vías incluírase nesta actuación a roza de noiros e/ou da plataforma cando sexa necesario, contabilizando a súa superficie.

3. Xustificación das superficies obxecto de actuación

• As actuacións a realizar atenderán ao previsto na planificación do distrito forestal en materia preventiva e deberán estar en concordancia co Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) e o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais (se o houbera).

• Debe existir unha xustificación que amose criterios obxectivos na selección das parcelas propostas de actuación e teña como obxectivo fundamental a redución e a descontinuidade do combustible mediante tratamentos silvícolas preventivos.

4. Táboa resumo de superficies obxecto de actuación

(...)“

D) COÑECEMENTO DE GALEGO:

Conforme establece o artigo único da Lei 2/2009, do 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo (modifícase o artigo 35 do citado Decreto Lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia), nas probas selectivas que se realicen, incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente. Neste caso o coñecemento da lingua galega, como requisito previo á valoración de méritos do concurso, quedará acreditado coa presentación por parte do/a candidato/a da certificación de estar, cando menos, en posesión do Celga 2 ou equivalente (Celga 3 ou equivalente no caso da praza de xefe/a de brigada).

No caso de non presentar a documentación acreditativa do coñecemento de galego esixida (Celga 2 ou no caso da praza de xefe/a de brigada Celga 3), os/as candidatos/as non serán excluídos por esta causa. Neste caso, realizarase no mesmo acto unha proba oral que acredite o coñecemento da lingua galega facendo constar na acta o resultado de dita proba.

O tribunal, contará co asesoramento da normalizadora lingüística do Concello e cualificará ao aspirante como apto/a ou non apto/a. No caso de ser cualificado/a como non apto/a, xa non se valorarán os méritos.

E) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL NO CONCURSO DE MÉRITOS





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

E.1.1 - PRAZA DE PEÓN/PEOA CONDUTOR/A (1)

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións e/ou puntuacións:

✓Experiencia:

Experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza:

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.
- Servizos prestados noutras administracións públicas: 0,10 ptos/mes, ata máximo 1,00 punto.
- Servizos prestados en concellos: 0,20 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.

A puntuación máxima do apartado de experiencia será de 3,00 puntos

✓Formación:

Cursos directamente relacionados coas funcións da praza:

- Cursos a partir de 20 horas: 0,05 puntos por curso, ata un máximo de 0,25 puntos
- Cursos a partir de 100 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 0,50 puntos
- Cursos de formación ocupacional na mesma ocupación ou da mesma familia profesional (cursos FIP, cursos AFD, escolas obradoiro, obradoiros de emprego, programas integradas de emprego ou similares): 0,25 puntos por acción formativa ou de emprego, ata un máximo de 0,50 puntos.
- Ciclo medio de formación profesional na mesma familia profesional: 0,25 puntos por acción formativa, ata un máximo de 0,50 puntos
- Ciclo superior de formación profesional na mesma familia profesional: 0,50 puntos por acción formativa, ata un máximo de 1,00 puntos.

A puntuación máxima do apartado de formación será de 2,00 puntos

✓**Proba/s ou exercicio/s práctico/s.** De acordo co indicado no apartado 11, realizaranse 2 probas prácticas eliminatorias relacionada/s coas funcións obxecto da praza a cubrir:

Proba práctica 1: esta proba, que ten carácter eliminatorio e consistirá en valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, a maquinaria ou outros medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver. Poderá ter unha puntuación máxima de 2,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 1,00 punto).

Proba práctica 2: proba específica, que ten tamén carácter eliminatorio, que posibilitará valorar o manexo do vehículo ou medio de transporte a utilizar no desenvolvemento dos traballos. Poderá ter unha puntuación máxima de 3,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 1,50 puntos).

No conxunto de ambas as dúas probas prácticas, as persoas candidatas poderán acadar unha puntuación máxima de 5,00 puntos, requiríndose unha puntuación mínima de 2,5 puntos.

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis candidatos/as acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a que obteña a maior puntuación na proba práctica específica (proba práctica 2). Logo prevalecerá o/a candidato/a que acade a maior puntuación no conxunto das dúas probas prácticas. En segundo lugar prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza e en terceiro lugar, de persistir a igualdade, prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación por servizos prestados en concellos. Por último, se aínda persiste o empate,





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

seleccionarase ao/á candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de formación ou cursos directamente relacionados coas funcións da praza en cuestión.

E.1.2 - PRAZAS DE PEÓNS/PEOAS DE BRIGADA (3)

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións e/ou puntuacións:

✓Experiencia:

Experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza:

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.
- Servizos prestados noutras administracións públicas: 0,10 ptos/mes, ata máximo 1,00 punto.
- Servizos prestados en concellos: 0,20 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.

A puntuación máxima do apartado de experiencia será de 3,00 puntos

✓Formación:

Cursos directamente relacionados coas funcións da praza:

- Cursos a partir de 20 horas: 0,05 puntos por curso, ata un máximo de 0,25 puntos
- Cursos a partir de 100 horas: 0,10 puntos por curso, ata un máximo de 0,50 puntos
- Cursos de formación ocupacional na mesma ocupación ou da mesma familia profesional (cursos FIP, cursos AFD, escolas obradoiro, obradoiros de emprego, programas integradas de emprego ou similares): 0,25 puntos por acción formativa ou de emprego, ata un máximo de 0,50 puntos.
- Ciclo medio de formación profesional na mesma familia profesional: 0,25 puntos por acción formativa, ata un máximo de 0,50 puntos
- Ciclo superior de formación profesional na mesma familia profesional: 0,50 puntos por acción formativa, ata un máximo de 1,00 puntos.

A puntuación máxima do apartado de formación será de 2,00 puntos

Tal e como se indicou no apartado 11, realizarase un exercicio ou proba práctica conforme ás seguintes consideracións e/ou puntuacións:

✓**Proba ou exercicio práctico:** esta proba práctica única, que ten carácter eliminatório, consistirá en valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, maquinaria ou medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver. Poderá ter unha puntuación máxima de 5,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 2,50 puntos)

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis candidatos/as acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a que obteña a maior puntuación na proba práctica. En segundo lugar prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza e en terceiro lugar, de persistir a igualdade, prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación por servizos prestados en concellos. Por último, se aínda persiste o empate, seleccionarse ao/á candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de formación ou cursos directamente relacionados coas funcións da praza en cuestión.

E.2- PRAZA XEFE/A DE BRIGADA (1)





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

No concurso, realizarase a baremación de méritos conforme as seguintes consideracións e/ou puntuacións:

✓**Experiencia:**

Experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza:

- Servizos prestados en empresas privadas: 0,05 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.
- Servizos prestados noutras administracións públicas: 0,10 ptos/mes, ata máximo 1,00 punto.
- Servizos prestados en concellos: 0,20 ptos/mes, ata un máximo de 1,00 punto.

A puntuación máxima do apartado de experiencia será de 3,00 puntos

✓**Formación:**

- Cursos directamente relacionados coas funcións da praza
- Cursos a partir de 20 horas: 0,10 puntos por curso ata un máximo de 1,00 punto.
- Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso, ata un máximo de 1,00 punto.

A puntuación máxima do apartado de formación será de 2,00 puntos

✓**Proba/s ou exercicio/s práctico/s.** De acordo co indicado no apartado 11, realizaranse 2 probas prácticas eliminatorias relacionada/s coas funcións obxecto da praza a cubrir:

Proba práctica 1: esta proba, que ten carácter eliminatorio, consistirá en valorar o coñecemento e a destreza necesarias para o manexo da ferramenta, a maquinaria ou outros medios que se utilizarán no posto de traballo a desenvolver. Poderá ter unha puntuación máxima de 2,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 1,00 punto).

Proba práctica 2: proba específica, que ten tamén carácter eliminatorio, que posibilitará valorar os coñecementos específicos na materia e consistirá nun **test de avaliación** cun total de 20 preguntas sobre os contidos do temario que se achega como Anexo a estas bases. Cada pregunta terá ata 3 respostas posibles, sendo soamente unha delas a correcta. Para superar a proba práctica, que ten carácter eliminatorio, será necesario cando menos, responder correctamente un total de 10 preguntas (0,50 puntos). A puntuación máxima (3,00 puntos) acadarase respondendo correctamente as 20 preguntas. Noutro caso, acadarase unha puntuación proporcional ao número de respostas acertadas, conforme a táboa que se insire a continuación:

Test de avaliación

Número de respostas correctas	Puntuación acadada na proba
10	0,50 puntos
11	0,75 puntos
12	1,00 puntos
13	1,25 puntos
14	1,50 puntos
15	1,75 puntos
16	2,00 puntos





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

17	2,25 puntos
18	2,50 puntos
19	2,75 puntos
20	3,00 puntos

A persoa candidata poderá acadar unha puntuación máxima de 3,00 puntos (para superar a proba requírese un mínimo de 0,50 puntos que se acadará con dez respostas correctas).

No conxunto de ambas as dúas probas prácticas, as persoas candidatas poderán acadar unha puntuación máxima de 5,00 puntos, requiríndose unha puntuación mínima de 1,50 puntos.

A puntuación total ou final será como máximo de 10,00 puntos.

Para o caso de que dous ou máis candidatos/as acaden a mesma puntuación total ou final, prevalecerá en primeiro lugar aquel/a que obteña a maior puntuación na proba práctica específica ou test de avaliación (proba práctica 2). Logo prevalecerá o/a candidato/a que acade a maior puntuación no conxunto das dúas probas prácticas. En segundo lugar prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de experiencia profesional en traballos directamente relacionados coas funcións da praza e en terceiro lugar, de persistir a igualdade, prevalecerá o/a candidato/a que acade unha maior puntuación por servizos prestados en concellos. Por último, se aínda persiste o empate, seleccionárase ao/á candidato/a que acade unha maior puntuación no apartado de formación ou cursos directamente relacionados coas funcións da praza en cuestión.

Abegondo, 13 de xullo de 2026

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

ANEXO





C O N C E L L O
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax: 981 673 050

web: www.abegondo.es
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS ANO 2026

Temario para a selección de 1 xefe/a de brigada

Tema 1. A lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (DOG núm. 74, do 17 de abril de 2007)

Tema 2. O plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2025)

Tema 3. A orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco especial de incendio forestal (DOG núm. 79, do 24 de abril de 2007).

Tema 4. As redes secundarias e terciarias de faixas de xestión de biomasa recollidas na lei 7/2012 de montes de Galicia.

Tema 5. A extinción de incendios forestais: lume forestal e o seu comportamento, técnicas de extinción, retardantes, medios, vehículos e maquinaria na extinción de incendios. Dirección de extinción.

Tema 6. Seguridade e prevención de riscos no ámbito da prevención e defensa contra incendios forestais

Tema 7. Normas e protocolos de seguridade. Equipos de protección. Equipos de protección individual

Tema 8. Os sistemas de comunicación e transmisión de datos dun lume forestal. Distritos forestais.

Tema 9. Coñecemento do municipio de Abegondo: poboación e o seu territorio

Tema 10. A Reserva de biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo: poboación, territorio e liñas de actuación.

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

